



## UN PROXECTO, UNHA REALIDADE

O día 14 de xaneiro viu a luz o noso pequeno gran proxecto que comezou coma un traballo máis da materia *Educación non Formal e Pedagogía do Ocio*, materia obrigatoria dentro do plan de estudos da Diplomatura en Educación Social rexida polo Real Decreto 1420/1991, e rematou por converterse nas “I Xornadas de Educación non Formal” tendo como temática a “Musicoterapia Aplicada á Intervención con Distintos Colectivos”.

O primeiro paso foi basearnos nos requisitos das accións educativas non formais para así, levándoo ao terreo de practicar facendo, fósemos quen de adquirir os coñecementos da materia de *Educación non Formal e Pedagogía do Ocio* en particular, e para a Diplomatura de Educación Social en xeral. Xustificándonos no marco da Educación non Formal temos como requisitos os seguintes (Coombs e Ahmed, 1998):

- Toda actividade organizada, sistemática e educativa.
- Realizada fóra do marco do sistema oficial.
- Busca facilitar determinadas clases de aprendizaxes.

Vai dirixida a subgrupos particulares da poboación, tanto adultos como nenos/as.

Partindo desta base, comezamos a traballar para a posta en marcha das Xornadas. O primeiro paso foi a detección de necesidades. Este é un paso imprescindible en calquera intervención socioeducativa e un requisito dentro da Educación non Formal. Esta análise de necesidades ía dirixida tanto a nós, alumnado de Educación Social, coma á sociedade en xeral. A detección de necesidades é un aspecto presente en todas as accións socioeducativas levadas a cabo nas institucións de Educación non Formal, como poden ser: concellos, hospitais, universidades populares, centros cívicos, campamentos e colonias, museos, grupos de autoaxuda, asociacións, centros de día, residencias de persoas maiores, centros de menores, prisións, etc. (Colom, 1997). A programación é un aspecto básico para a posta en marcha de calquera acción educativa non formal. Se como futuras/os educadoras/es sociais queremos a posta en valor das nosas intervencións socioeducativas, é fundamental o cumprimento deste requisito, de aí que todas as nosas accións seguisen todos os pasos dunha programación.

Outro aspecto importante foi a elección da temática das Xornadas de Educación non Formal. Entre toda a clase decidimos que a musicoterapia era un tema de interese en

formación complementaria, xa que é unha temática que non se contempla nos planos de estudo. Ademais deste motivo, tamén nos pareceu correcto ampliar os nosos coñecementos da música como ferramenta de traballo para as nosas futuras intervencións socioeducativas, máis aló do coñecemento de música en si, a música como ferramenta de traballo. Tras escoller a temática, dividimos ao alumnado de 2º de Educación Social en equipos de tarefas. Este traballo interdisciplinar ademais de ser unha ferramenta imprescindible para levar á práctica calquera proxecto, serve de aprendizaxe significativa para a nosa futura práctica laboral como educadoras/es sociais.

O último paso dentro da programación foi o da avaliación. Esta avaliación levouse a cabo de dous xeitos; por un lado, a nosa avaliación das Xornadas en canto a porcentaxe de persoas inscritas, valoración da participación da propia clase, avaliación da xestión financeira etc.; e por outro, a avaliación realizada pola docente da materia de *Educación non Formal e Pedagogía do Ocio*, Emilia Seoane, que substituíu a proba escrita, cun peso do 60% da calificación final, ao alumnado asistente que participase na organización das Xornadas.

Cabe sinalar, xa para rematar, que como alumnado da última promoción anterior ó Espazo Europeo de Educación Superior, este proxecto levado á realidade permitiunos acadar actitudes, competencias e procedementos que de non levar ao terreo de practicar facendo nos sería imposible adquirir.

Que este proxecto se chegase a converter nunha realidade non foi tarefa doada, pero non sería posible de non ser pola nosa profesora Dona Emilia Seoane; o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, Vicerreitoría do Campus de Ourense; o Colexio de Educadoras/es Sociais de Galicia, que nos apoiou coa súa presenza, e a incommensurable axuda de Lorena Gándara Rojo, alumna de 2º de Educación Social.

Ivonne Alves, Carmen Aranda, Alba Campos,  
Daniel Rodríguez e Pablo Veiga.

Alumnas/os da materia de *Educación Non Formal e Pedagogía do Ocio*, de 2º da Diplomatura en Educación Social da Universidade de Vigo.

Membros da comisión organizadora e responsables en nome da mesma da elaboración deste artigo.

## ACTUACIÓNS REALIZADAS

- Encontro con Dona Coro Piñeiro Vázquez, Directora Xeral da Dependencia e Autonomía persoal, por delegación da Consellería de Traballo e Benestar. Presentámonos como entidade e trasladámoslle diversos temas, como a nosa demanda en relación aos postos de categoría 6, grupo II do persoal laboral da xunta (Educador/a, Profesor/a especial); a previsión do Plan Concertado en relación á Educación Familiar; a emisión de informes profesionais, o acceso ao Matias, e solicitamos tamén colaboración para o plan formativo do Ceesg previsto para 2010. A reunión tivo lugar o día 4 de febreiro en Santiago de Compostela.
- Reunión de Xunta de Goberno de 5/02/10
- Achegas ao Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales (CGCEES), respecto ao Pacto de Estado pola Educación, do Ministerio de Educación, en relación á proposta de incorporación de educadoras/es sociais nos centros educativos.
- Achegas á Consellería de Sanidade respecto ao Anteproxecto de Lei de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores.
- Escrito ao Concello Manzaneda, en relación ás bases para contratación dun/ha animador/a sociocultural, anunciadas no BOP de Ourense de 23 de decembro. Defendemos que o único perfil idóneo sería o do Educador/a Social.
- Escrito ao Concello de Muros, en relación ás bases de contratación dun/ha animador/a cultural, anunciadas no BOP de A Coruña de 24 de decembro. Defendemos que o único perfil idóneo sería o do Educador/a Social.
- Escrito ao Concello de Trazo, en relación á praza de Técnico de Servizos Sociais convocada no BOP de A Coruña de 13 de xaneiro, subliñando a importancia de denominar os postos de acordo coas súas funcións e a titulación á que lle correspondan ditas funcións. Tamén se achegou información acerca da profesión de Educador/a Social.
- Escrito ao Concello de Ferrol, en relación á praza de Directora da Casa de Acollida convocada no BOP de A Coruña de 9 de febreiro, recordando que as educadoras sociais tamén poderían ocupar este posto de forma axeitada.
- En relación á Plataforma en defensa do sistema público galego de servizos sociais:
  - Participación na reunión da Plataforma que tivo lugar en Santiago o día 10 de febreiro.
  - Participación na reunión coa concelleira de Servizos Sociais do Concello de Ferrol o día 23 de febreiro en Santiago.
  - Participación na Asemblea Xeral da Plataforma o día 25 de febreiro en Santiago.
- Escrito á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, manifestando o malestar por non incluír a educadoras/es sociais como destinatarios das accións formativas planificadas pola FEGAS para o 2010 e por non terven convocado para a elaboración do Plan de Galicia sobre Trastornos Aditivos. En relación con isto, solicitamos colaboración das persoas colexiadas que nos fixeron chegar esta información, para realizar achegas durante o proceso de elaboración do Plan de Galicia sobre Trastornos Aditivos. Facemos agora extensiva esta solicitude a todas aquelas persoas vinculadas ao ámbito das drogodependencias que queiran colaborar.
- Reunións con representantes de sindicatos (Emilio Doforno de CC.OO, Manuel Gallardo da CIG e Juan Carlos Rivas de CSIF) para analizar a vía que nos propuxeron dende a Dirección Xeral de Función Pública para comezar os cambios que requirimos sobre a categoría 6 do grupo II do persoal laboral da Xunta de Galicia, e solicitar o seu apoio. Pendente de resposta de UXT para concertar encontro.
- Reunión con Laura Rodríguez Manso, Xefa da Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a muller da Delegación do Goberno en Galicia, a petición dela, para coñecer de primeira man o traballo que levamos a cabo as e os profesionais da Educación Social en relación coa prevención da violencia de xénero en distintos ámbitos, e cara o establecemento de actuacións conxuntas que axuden na loita por erradicar a lacra social da violencia de xénero.
- Convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria do Ceesg, que terá lugar o vindeiro 26 de marzo na Casa das Asociacións (Santiago) Toda a documentación estará proximamente na web.

## ARTIGO DE INTERESE:

### MAPA DA SITUACIÓN ACTUAL DAS/OS EDUCADORAS/ES SOCIAIS EN GALICIA

Recentemente enviámosvos por correo-e, a todas e todos os integrantes do Ceesg, un pequeno formulario a modo de enquisa, para obter datos laborais actualizados do colectivo.

Con isto queremos conseguir os datos necesarios para realizar un **“Mapa da situación actual das/os educadoras/es sociais en Galicia”**, que aporte unha visión real e actual de ónde traballamos e en qué condicións, para poder guiar o traballo do colexio.

Este traballo completárase con chamadas telefónicas a aquelas persoas que non nos aporten resposta por correo-e. Por este motivo, para facilitar e axilizar este labor, solicitamos a colaboración de todas/os, para contestar vía correo-e. Se non recibiches esa mensaxe pode ser

por dúas razóns: non temos o teu enderezo de correo-e (ou non está actualizado), ou ben a mensaxe foi á “bandexa de correo non desexado” -ou similares-. No primeiro dos casos, agradeceríamos a actualización dos datos. E se a pesar de que todo é correcto non recibiches a mensaxe igualmente ( cousas da informática...), podes avisarnos para que cha remitamos de novo, ou ben chamar polas mañás (preguntar por Marisa), non será máis de un minuto.

Polo de agora estamos tendo unha resposta bastante positiva, pero aínda faltan moitas persoas por contestar. Moitas grazas pola colaboración.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

## EMPREGO

**Concello de Moaña (Pontevedra):** Resolución de 12 de febreiro de 2010, do Concello de Moaña (Pontevedra), referente á convocatoria para prover varias prazas. Un posto de Técnico de Animación Xuvenil. BOE 23/02/10

**Instituto Municipal Coruña Espectáculos:** Anuncio de convocatoria de varias prazas. Un posto de Director/a do Teatro Rosalía Castro. BOP 23/02/10.

**Dirección Xeral de Función Pública:** De acordo co establecido polo Decreto 37/2006, de 2 de marzo, dende o 1 de marzo ao 15 de xullo poderán presentarse solicitudes para ingresar nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta. Incluída a categoría 6 - grupo II (*Educador. Profesor/a especial*).

**Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:** Oferta de Emprego Docente para 2010. Oito prazas na especialidade Formación e Orientación Laboral e dúas en Intervención Sociocomunitaria (corpo de Ensino Secundario). Anunciado en edu.xunta.es

## OUTROS

**Ministerio de Educación:** Real Decreto 48/2010, de 22 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria decimosétima da citada lei. BOE 06/02/10

**Ministerio de Igualdade:** Resolución de 19 de xaneiro de 2010, do Instituto da Muller, pola que se convocan subvencións públicas destinadas ao fomento da edición de publicacións relacionadas coa muller, correspondentes ao ano 2010. BOE 11/02/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Resolución do 18 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo para a actividade de axuda a domicilio de Galicia. DOG 16/02/10

**Ministerio de Traballo e Inmigración:** Orde TIN/310/2010, de 10 de febreiro, pola que se convoca, para o ano 2010, a concesión de subvencións ás actividades de promoción da economía social, da responsabilidade social das empresas e do traballo autónomo, e para sufragar os gastos de funcionamento das asociacións de cooperativas, de sociedades laborais, de empresas de inserción, de traballadores autónomos y outros entes representativos da economía social de ámbito estatal. BOE 17/02/10

**Consellería de Traballo e Benestar:** Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. DOG 19/02/10

**Presidencia:** Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior. DOG 23/02/10

## EMPREGO

## TÉCNICO/A SOCIAL EN XESTIÓN DE PROXECTOS

**Convoca:** Senes CIT

**Lugar de traballo:** A Coruña

**Formación académica:** Titulación do ámbito social

**Máis información:**

ceesg.org (Servizos/Taboleiro de emprego)

## TÉCNICO/A SOCIAL

**Convoca:** Cruz Vermella

**Lugar de traballo:** A Coruña

**Formación académica:** Titulación do ámbito social

**Máis información:**

ceesg.org (Servizos/Taboleiro de emprego)

## OUTRAS CONVOCATORIAS

## BOLSAS ARGO

**Descrición:** O programa Argo Global desenvolverase ata o 2012. Durante este período concederanse 1100 bolsas nunha convocatoria aberta e permanente para facilitar a realización de prácticas formativas en empresas de Europa, EE.UU., Canadá e empresas españolas con sede en Asia.

**Requisitos:** Titulación universitaria en calquera universidade española e non ter sido beneficiario anteriormente de bolsas de mobilidade Leonardo da Vinci, Argo, Faro Global ou Integrants.

**Máis información:**

www.becasargo.es



**O Seguro de Responsabilidade Profesional no 2010 terá un custe de tan só 9 € anuais.**

Ademais desta rebaixa, tamén se **ampliaron as coberturas** do seguro. Neste momento non podemos ofrecer información detallada acerca das coberturas, polo que pedimos desculpas, pois estamos aínda agardando a recibir esta información por parte da correduría. Esperamos poder ofrecer e actualizar esta información o máis pronto posible na web do Ceesg (Sección servizos), ao tempo que informaremos mediante Aviso Online.